

ACTO CONSELLO DA MULLER NOVA EN CONMEMORACIÓN DO 8 DE MARZO

1. Coro do IES Luis Seoane
2. Fala a concelleira sobre o que vai pasar e por que. Presenta ao consello
3. Comenza o consello ca elección da presidenta e secretaria (a máis nova da mesa)
4. Inician o debate, falando do 8 de marzo, dos datos... Deberían rematar cun texto reivindicativo das conclusións para pedirllle aos poderes políticos.
5. Remata o consello e sae o grupo de rock
6. Sube a concelleira para despedir
7. Actuación do coro.

1

Indicacións xerais....

- *Elíxense a presidenta e a secretaria a votación, presentando a candidatura, e vótase a mán alzada.*
- *A presidenta inicia a conversa, indicando cá l será a orde do día*
- *Podedes repartir os datos para ler...*
- *Debatir entre todos e todas, dando as vosas opinións*
- *A secretaria recolle as cousas que vaian saíndo*
- *A secretaria pode falar das conclusións, e a presidenta facer a reivindicación das cousas necesarias fronte ós organismos.*
- *A presidenta pecha o tema finalmente rogando que se consolide o Consello e que teñan voz as mulleres novas*

2. Presentación orde do día

2.1. Por que é importante o día 8 de marzo

Un 8 de marzo de 1857, un grupo de obreiras téxtiles tomou a decisión de saír ás rúas de Nova York a protestar polas míseras condicións nas que traballaban.

Distintos movementos sucedéronse a partir desa data. O 5 de marzo de 1908, Nova York foi escenario de novo dunha folga polémica para aqueles tempos. Un grupo de mulleres reclamaba a igualdade salarial, a diminución da xornada laboral a 10 horas e un tempo para poder dar de mamar os seus fillos. Durante esa folga, pereceron máis dun centenar de mulleres queimadas nunha fábrica de Sirtwoot Cotton, nun incendio que se atribuíu ao dono da fábrica como resposta á folga.

En 1910, durante a Segunda Conferencia Internacional de Mulleres Traballadoras celebrada en Copenhague (Dinamarca) máis de 100 mulleres aprobaron declarar o 8 de marzo como Día Internacional da Muller Traballadora.

Actualmente, celébrase como o Día Internacional da Muller.

Hoxe continúa-se conmemorando para seguir traballando para eliminar as desigualdades que a muller traballadora atopa no terreno laboral.

2.2. Desigualdade salarial entre homes e mulleres

2

• Datos actuais

A BRECHA SALARIAL EN 5 DATOS.

- A brecha salarial en España sitúase no 24%, a máis alta dos últimos cinco anos
- Unha muller tería que traballar 79 días máis ao ano para gañar o mesmo que un home.
- Unha traballadora tería que cotizar once anos e medio máis que o seu homólogo masculino.
- Eles gañan 6.000 euros ao ano de media máis ca elas.
- Aragón está á cabeza en desigualdade 29,9%.
Balears ten a menor brecha salarial con pouco máis do 16%.

LIÑAS XERAIS DA SITUACIÓN DAS MULLERES GALEGAS

- Sete de cada dez empresas novas en Galiza foron fundadas por homes.
- Case 60.000 mozas galegas tiveron que emigrar desde o inicio da crise.
- As mulleres que teñen un traballo remunerado dedican unha media de dúas horas máis que os homes ás tarefas domésticas cada día.
- A crise aumentou a parcialidade e temporalidade das mulleres traballadoras.
- A crise dispara o risco de exclusión social entre as mulleres galegas
- Só o 18% das empresas galegas de novas tecnoloxía contan con mulleres na dirección.
- As excedencias para o coidado de menores e familiares dependentes son solicitadas en máis do 95% dos casos polas mulleres
- As mulleres teñen que traballar 80 días máis que os homes para percibiren o mesmo soldo.
- Para que ambos os dous obtivesen o mesmo soldo, tería que incrementarse o delas nun 31,88%, posto que eles reciben 873,36 euros máis.
- Canto aos ingresos medios en todas as comunidades españolas as mulleres cobran menos que os homes. En Galiza, elas perciben o soldo máis baixo no conxunto do Estado español, cun total de 2.810,18 euros menos con respecto á media española (-14,38%).
- Por outra banda, as galegas tamén gañan menos por hora traballada (11,02 euros/hora), cunha diferenza de 2,34 euros respecto aos homes.

- **Opinión ó respecto**

Falar da opinión que vos merece o tema

- **Alternativas posibles de "solución"**

Plantexar posibles alternativas de solución que estén nas vosas máns, que esteán nas máns dos organismos...

2.3. Xuventude e violencia de xénero

3

- **Datos actuais- último estudo do Centro Reina Sofía sobre Xuventude**

O informe "Mozxs e xénero. O estado da cuestión", elaborado con datos e estudos do INE, a EPA, o Instituto da Xuventude e a Delegación de Violencia de Xénero, analiza as diferenzas entre homes e mulleres en saúde, relacións familiares, sexualidade, educación, traballos, valores e política.

A pesar dos "enormes avances" en equidade de xénero que se produciron en España nas últimas décadas, denuncia que segue habendo "elementos de inequidade e de desequilibrios nas relacións interxéneros", en ámbitos como o emprego, a repartición das tarefas domésticas e as relacións sexuais.

- Un de cada tres rapaces ve ben saír con moitas persoas pero mal que o fagan as rapazas. Segundo o informe, nos estudos cualitativos aparecen formas de falar que acusan de prostitutas ás mozas que teñen relacións sexuais con diversos rapaces e de éxito envexable a conduta dun mozo que ten relacións sexuais con varias rapazas.
- As calidades masculinas máis valoradas teñen que ver co poder, a forza, a valentía ou a firmeza, mentres que nas mulleres son a sensibilidade, a capacidade de perdón e a xenerosidade.
- Para o 33,7% dos rapaces e o 28,2 das rapazas, un home que parece agresivo "resulta máis atractivo". Para máis do 30% das mozas españolas de 12 a 24 anos, a principal calidade da súa parella ideal sería a sinceridade, seguida da simpatía e a bondade. En cambio, os mozos desas mesmas idades danlle máis importancia ao atractivo físico (24,4%), á simpatía (21,9) e á sinceridade (19,9).Casi el 30% justifica el maltrato
- Un 29,8% de españois con idades comprendidas entre os 12 e os 24 anos está de acordo en distintos graos coa tese de que se "unha muller é agredida polo seu compañeiro ou marido, algo terá feito ela para provocalo ou "xustifican a agresión a unha muller ou noiva cando decide deixalo.
- Un 15% dos homes e un 8,1% das rapazas cren en maior ou menor grao que "polo ben dos seus fillos convén que unha muller non denuncie o maltrato da súa parella".
- Persisten os estereotipos sexistas malia os avances en igualdade
- O director xeral do Centro Raíña Sofía e da FAD,Ignacio Calderón, alertou da pervivencia destes "estereotipos machistas", que son o xerme, dixo, de "situacións de violencia de xénero no futuro".

- **Opinión ó respecto**

Falar da opinión que vos merece o tema, recordade moitas das cousas que vimos no programa nAmorAndo. *Judith e Natalia, de Monteporreiro, seguro que con Luisa Márquez falastes de moitas de estas cousas.*

- **Alternativas posibles de "solución"**

Plantexar posibles alternativas de solución que estén nas vosas máns, que esteán nas máns dos organismos....

4

2.4. Varios: necesidades das mulleres novas

- Que cremos que nos fai falla

2.5. Conclusións.

Ler ou expresar un "manifesto", unhas reivindicacións de cara ós poderes públicos.

2.5. Rogos e preguntas

Aquí sería ben que rogardes o mantemento do organismo e que se aprobara a súa constitución no pleno da corporación, de igual xeito que se fixo no Consello das Mulleres.